



Exp. 46517/220

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE 2
PRAZAS DE OFICIAL CONDUTOR (LABORAL), INCLUÍDA NA OEP DOS ANOS 2020,
2021 E 2022 (QUENDA LIBRE - OPOSICIÓN)****ANUNCIO DA CONVOCATORIA DO TERCEIRO EXERCICIO:
PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

Convocar a RIAL TATO E. (**1755**), aspirante que superou o primeiro exercicio (test) e o segundo exercicio (supostos prácticos), para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo, que terá lugar o luns **15 de xuño de 2026**, ás **10:00 h**, na **Sala de Reunións da Área de Fomento**, sita no **2º andar da Casa do Concello**.

Dito exercicio, obrigatorio e eliminatorio, “consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, conforme ao previsto na base 10ª das xerais, que será determinada polo órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos. A persoa aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba quedará excluída do proceso selectivo”.

Están exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Lémbrese que a proba efectuarase en chamamento único, debendo comparecer provisto de DNI e bolígrafo.

Data e sinatura dixital

O secretario do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2026 12:46	Páxina 1 de 1
46517-220	CSV: A7B7BB-25B23E-853FE9-B5UWRE-SGBACW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		